


# CIRCULAR 233

INFORMATIVA

NOVEMBRE / DICEMBRE 2011



2012: POLA ÉTICA

## XUNTA DE GOBERNO



**Mª Rosa Álvarez Prada**

Decana



**Hipólito Puente Carracedo**

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



**Concepción Fernández Fernández**

Secretaria



**Mª Concepción Prado Álvarez**

Vicesecretaria / Responsable de Empleo / Responsable da Biblioteca



**Miguel A. Chouza Ponte**

Tesoureiro / Responsable de Servizos



**José Luis Domínguez Rey**

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



**Ana Mª Fieira Nogareda**

Vogal / Vogalía do Social



**Antonio González Fernández**

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



**Ana Isabel Martínez Arranz**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



**Eva Muíño Gómez**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



**José Manuel Oreiro Blanco**

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



**Mª Concepción Rodríguez Pérez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



**Víctor Manuel Torrado Oubiña**

Vogal / Vogalía de Formación

**“A Xunta de Goberno do COPG deséxavos un 2012 cheo de boas novas persoais e profesionais”**

### PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 234 de xaneiro/febreiro de 2012,  
e sairá a principios do mes de marzo de 2012.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de febreiro de 2012, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos terán que empezar a partir de abril de 2012 inclusive.

5	<b>Información Xeral</b>
12	<b>Información das Seccións</b>
23	<b>Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)</b>
25	<b>Comisión de Ética e Deontoloxía</b>
27	<b>Cursos, xornadas e congresos</b>

### **Pola ética. Soltando lastres**

A Psicoloxía pode estar orgullosa dos seus logros ao longo dos anos. No noso país e desde que se aprobou o actual Código Deontolóxico (1987) a Psicoloxía Aplicada fíxose presente na sociedade a través de organismos e programas facilitando que aquelas persoas que precisan dos seus servizos teñan un acceso cotián a eles. A Psicoloxía está presente na vida das persoas.

Esta é unha boa noticia, porque cada novo campo de aplicación ao que a Psicoloxía ten acceso supón a apertura de novos postos de traballo, tan necesarios nestes días. Pero non só, tamén supón que se escoita a súa voz, a nosa; e esta é unha voz a favor de valores como o respecto pola persoa, os dereitos humanos, o sentido da responsabilidade, a honestidade, sinceridade e prudencia, a competencia profesional e a solidez na fundamentación científica (art. 6).

Solidez na fundamentación. Tal vez o valor máis controvertido dos arriba citados, que o artigo 18 do Código Deontolóxico se ocupa de puntualizar: “Sen prexuízo da lexitima diversidade de teorías ... non utilizará medios ou procedementos que non estean suficientemente contrastados” (art. 18). ¿Difícil? ¿Esixente? É posible, pero as persoas ás que van destinados os servizos da Psicoloxía non se merecen menos.

Máis alá da norma, que lexitima a diversidade de teorías, pódese entrever unha proposta para o bo entendemento entre profesionais con pensamentos, crenzas e opinións diferentes. Para a Psicoloxía é un reto que a variabilidade de prácticas e a coexistencia de explicacións diversas, incluso contraditorias, contribúa a enriquecer o seu campo de aplicación no canto de lastrar

os seus avances con discusións paralizantes. Cómpre que os debates contribúan ao crecemento da Psicoloxía como Ciencia, en vez de fomentar a inseguridade na poboación á que se destinan os seus servizos. É necesario que quen exerce a Psicoloxía comprenda que cada decisión profesional ben fundamentada contribúe ao crecemento da profesión; do mesmo xeito que cada decisión improvisada, escasamente reflexionada ou ao servizo de intereses particulares cuestiona o fundamento da propia Psicoloxía. E é imprescindible que cada profesional fundamenta as súas decisións nos presupostos da Teoría que o guía e faga explícitos os seus criterios de decisión para que quen recibe os seus servizos poida formarse un xuízo independente sobre o valor da intervención psicolóxica.

Por riba das diferenzas e dos desacordos o Código Deontolóxico propón un marco no que teñen cabida todos os pensamentos e todas as opcións. E son moitas e moi diversas. E todas elas teñen en común o interese en comprender, explicar e predicir o que as persoas fan.

Este ano “Pola Ética”. A Comisión de Ética e Deontoloxía quere facer unha proposta para facilitar a integración da diversidade respectando as diferenzas. Trátase dunha substitución sinxela: mudar dicotomías como bo/malo, correcto/incorrecto, adecuado/inadecuado, pola distinción entre “feitos” e “explicacións”. Os feitos son independentes da persoa que os coñece, é doado poñerse de acordo sobre eles e non necesitan validación porque son así, son feitos. Pola contra, as explicacións dos feitos son persoais, só están na cabeza das persoas e o sorprendente é cando dúas persoas distintas, con historias e experiencias diferentes, coinciden nunha mesma explicación. E sen embargo, sucede grazas a cualidades como a empatía, a flexibilidade, a capacidade para ceder, entre outras. As explicacións aos feitos válidanse por consenso: cando moitas persoas están de acordo en dar a un feito unha mesma explicación, esta non se converte en feito, pero queda validada.

Recoñecer que na Psicoloxía manéxanse máis explicacións que feitos, diferenciar no discurso cando se describen uns e cando expoñen as outras; supón, probablemente, un paso adiante que contribúe á credibilidade, ao recoñecemento e ao prestixio social da Psicoloxía como Ciencia aplicada.

## Relacións institucionais

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, mantivo unha reunión o 12 de decembro coa Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, no que trataron sobre o Convenio de colaboración asinado entre ambas institucións en materia de violencia de xénero.

---

## En representación do Colexio

---



Eva Muíño Gómez

A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á 10<sup>a</sup> Xornada de Reflexión Attitudes, celebrada en Madrid o 26 de outubro e organizada pola Iniciativa Social de Audi.

---

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, participou no acto inaugural do Congreso Internacional Violencia de Xénero e Xustiza, celebrado o 16 de novembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

---



M<sup>a</sup> Concepción Prado Álvarez

O COPG designou á Vicesecretaria, M<sup>a</sup> Concepción Prado Álvarez, para a realización das probas psicotécnicas do proceso selectivo de policía locais do Concello de Ferrol.

---

A Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión do Pleno e á Asemblea Xeral Ordinaria da Unión Profesional de Galicia, celebradas o 29 de novembro en Santiago de Compostela.

---

A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión Intersectorial do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, presentou a comunicación “Atención Psicolóxica en Violencia de Xénero” ao

abeiro das II Xornadas de Violencia de Xénero, celebradas o 28, 29 e 30 de novembro en Ourense e organizadas polo Concello de Ourense en colaboración co Colexio de Avogados de Ourense.

---

O Vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu ao acto de clausura do XIV Congreso Estatal de Voluntariado, celebrado en a Coruña o 1 de decembro e organizado pola Xunta de Galicia.

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e a Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiron á V Xornada de Discapacidade e Educación, celebrada en Santiago de Compostela o 14 de decembro e organizada conxuntamente polo Observatorio Estatal da Discapacidade e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

---

As Vogais da Comisión Coordinadora do GIPCE, Elena González Cid e Aurora Rozadilla Arias, asistiron o 12 de decembro á reunión do Grupo Sanitario do Plan de Emerxencia Exterior de Galicia, convocado pola Delegación Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

---



José Manuel Oreiro Blanco

## AVISO

---

**Desde o pasado 1 de xullo de 2011** unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Se aínda non facilitaches un enderezo de correo electrónico para recibir a correspondencia do COPG por e-mail, pregámosche que a fin de enviarche dita información nos facilites o teu correo electrónico á maior brevidade posible, senón NON poderás recibir información do Colexio.

Máis información no apartado de novas da páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: [www.copgalicia.es/pdf/Envio\\_de\\_correspondencia\\_por\\_e\\_mail.pdf](http://www.copgalicia.es/pdf/Envio_de_correspondencia_por_e_mail.pdf)

# O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

---



Hipólito Puente Carracedo

A Coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte do COPG, M<sup>a</sup> Dolores González Fernández, asistiu á reunión da constitución da Xunta Directiva da División de Psicoloxía da Actividade Física e do Deporte, que se celebrou en Madrid o 8 de outubro.

---

O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu á reunión da Coordinadora da Área de Novas Tecnoloxías aplicadas á Psicoloxía, que se celebrou en Madrid o 22 de outubro.

---

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu en calidade de invitada á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de COP, que se celebrou o 22 de outubro en Madrid.

---



Xavier Sardiña Agra

O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu á reunión da Coordinadora da Área de Psicoloxía Clínica, que se celebrou en Madrid o 5 de novembro.

---

A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión da Coordinadora da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade, que se celebrou en Madrid o 12 de novembro.

---

A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero, que se celebrou en Madrid o 19 de novembro. A esta reunión acudiu a Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, en calidade de convidada da Área.

---



José Luis Domínguez Rey

O Presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Coordinadora da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos, que se celebrou en Madrid o 19 de novembro.

---

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento, que se celebrou en Madrid o 26 de novembro.

---

A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes, que se celebrou en Madrid o 26 de novembro.

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu en calidade de invitada á reunión da Junta de Goberno do Consejo General de COP, que se celebrou o 16 e 17 de decembro en Madrid.

---

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, acudiron á reunión da Junta General do Consejo General de COP, que se celebrou o 17 de decembro en Madrid.

---



Ana Isabel Martínez Arranz

## Recurso de reposición contra as convocatorias para formadores do Instituto Social de La Marina

O COPG presentou recurso de alzada perante as Direccións Provinciais de Vigo e A Coruña do Instituto Social de la Marina contra as convocatorias de expertos docentes para que inclúa entre o catálogo de expertos docentes a especialidade de Psicoloxía, xa que entre os contidos dunha parte dos cursos do programa de accións formativas inclúen os módulos de aptitudes para comunicarse cos pasaxeiros en situacións de emerxencia e aptitudes para utilizar procedementos para evitar que cunda o pánico. Contidos que esixen a presenza dos profesionais da Psicoloxía como expertos licenciados na materia.



## AVISOS

### Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

### Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

## Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas

O 13 de decembro celebrouse sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiados do COPG. Na xuntanza presentouse o informe de actividades levadas a cabo pola Comisión de Ética e Deontoloxía en 2011. A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, informou do cese de M<sup>a</sup> Ángeles Castro Díaz como Secretaria da Comisión de Ética e Deontoloxía, por cumprimento de período de pertenza á mesma, segundo os Estatutos do COPG. En nome da Xunta de Goberno, manifestou o seu agradecemento e parabéns polo labor exercido. Así mesmo nomeouse a M<sup>a</sup> Jesús Castro Calvo como novo membro da citada Comisión.

Tamén se aprobaron os orzamentos do COPG para 2012, que este ano introducen por primeira vez trala reforma do artigo 5 dos Estatutos do COPG en 2010, cotas especiais para colexiados e colexiadas xubiladas e asociadas.



Momento da Asemblea

## Reunión da Comisión Permanente cos Presidentes/as e Tesoureiros/as das Seccións Profesionais do COPG

O 15 de novembro a Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano do COPG, Hipólito Punte Carracedo, mantiveron unha reunión cos Presidentes/as e Tesoureiros/as das Seccións Profesionais do Colexio na que, entre outros temas, trataron sobre a situación actual de cada unha das Seccións así como os obxectivos e planificación de actividades das mesmas para 2012. Tamén se expuxeron os criterios a seguir para a distribución das asignacións de gasto nos Orzamentos colexiais para o ano que vén.



Momento da reunión

## AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

## IV Concurso Literario do COPG “Rosa de Cen Follas”

O 13 de decembro na sede do COPG tivo lugar a entrega de premios do IV Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “Rosa de Cen Follas”.

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, fixeron entrega dos galardóns ás gañadoras desta edición, Rosibel Carolina Palomera Martín na modalidade de poesía coa obra titulada “O Cantábrico” e María Martínez Barcala na modalidade de narrativa coa obra “A cadea das almas limpas”.

Por último, deuse paso a un espazo de lectura de diversos textos, propios ou doutros autores e autoras, por parte dos asistentes que así o desexaron.



Momento do acto



Momento da entrega de premios

## Medios de comunicación

Desde o COPG difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados, manifestos, convocatorias e participacións na prensa pode ser consultada nos seguintes enlaces: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2) e [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3)



## INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COGPG antes do 15 de cada mes par.

### SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

---

#### XVI Xornadas de Psicoloxía Clínica

A inauguración foi presidida por **José Enrique Sotelo Villar**, Alcalde do Concello de Cangas, **Hipólito Puente Carracedo**, Vicedecano do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e **Dolores González Cabaleiro**, Presidenta do Comité Organizador das Xornadas. A conferencia inaugural correu a cargo de **Mª Soledad Filgueira Bouza**, Psicóloga Clínica no Hospital Marítimo de Oza, a cal tratou os indicadores de efectividade da psicoterapia.

Os días 18 e 19 de novembro tiveron lugar no Auditorio Municipal do Concello de Cangas ás XVI Xornadas de Psicoloxía Clínica do COGPG “A práctica clínica”.

Contouse con tres obradoiros pre-xornadas que se levaron a cabo simultaneamente na mañá do venres. Un dos obradoiros versou sobre o análise funcional, impartido por **María Xesús Froján Parga**, Profesora de personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos da Universidad Autónoma de Madrid; o segundo tratou sobre a abordaxe do trastorno límite de personalidade, impartido por **Dolores Mosquera Barral**, Directora do Centro de Psicoloxía LOGPSIC de Sada, e por último o obradoiro introductorio de gestalt, impartido por **M. Rosario Pousa Torres**, Psicóloga Clínica e Psicoterapeuta Gestalt.

Nas xornadas celebráronse dúas mesas redondas. Na primeira, impartida por **Cora Alicia Aguerre Gastelu**, Psicóloga Clínica e Psicoanalista, **María Xesús Froján Parga** e **M. Rosario Pousa Torres**, debateuse sobre a actuación dos psicólogos e psicólogas na clínica desde diferentes paradigmas psicoterapéuticos. Na segunda mesa analizouse as posibilidades e limitacións propias dos ámbitos de traballo público, concertado e privado e foi impartida por **Manuel Castro Bouzas**, **Jesús Cancelo Martínez**,



Acto de inauguración

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.

ambos Psicólogos Clínicos, e **Dolores Mosquera Barral**. Por último, as Xornadas finalizaron coa conferencia de clausura a cargo de **Concepción González Poza**, Vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, quen disertou sobre a deontoloxía na práctica clínica e o acto de entrega do premio ao mellor póster e accésit ao mellor póster os cales foron outorgados a **Juan Manuel Romero Lorenzo** e **Jorge Bajo Lema** respectivamente. O acto de clausura foi levado a cabo por **Estrella Gómez González**, Vogal do Comité Organizador das Xornadas, e **Xavier Sardiña Agra**, Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica.

### Asemblea de Socios e Socias

Coincidindo coas Xornadas, o pasado 18 de novembro celebrouse a Asemblea de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG. Na mesma aprobouse nomear a **Delia Guitián Rodríguez** como Presidenta do Comité Organizador e a **Xavier Sardiña Agra** como Presidente do Comité Científico das XVII Xornadas de Psicoloxía Clínica. Terán lugar en Santiago de Compostela no mes de novembro e nelas analizarase as implicacións que teñen os cambios lexislativos na formación, práctica profesional e no ámbito colexial.



Momento da Asemblea

### Formación

A Sección está traballando na programación da docencia do ano 2012 que estará centrada na práctica da psicoloxía clínica infanto-xuvenil, abordando diferentes ámbitos como a psicoterapia con adolescentes, o maltrato infantil ou a neuropsicoloxía infantil.

No mes de marzo realizaremos o curso “Marco de intervención con nenos/as e as súas familias”. Será coordinado por **Xavier Sardiña Agra**, Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, e impartido por **José Luis Rodríguez-Arias Palomo**, Psicólogo Clínico da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, e **Mariano Carrero Moure**, Psicólogo Clínico do Hospital de Burela.

## Grupo de Traballo en Psicoterapias

Rematada a primeira etapa do 2005-2009, o Grupo de Investigación sobre Procesos e Resultados en Psicoterapia segue investigando nas variables claves no proceso psicoterapéutico e pretenden extender o maior número posible de profesionais do campo clínico o uso sistemático do protocolo de avaliación da práctica diaria como un procedemento de control da calidade das nosas intervencións. Os interesados e interesadas en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa coordinadora, **M<sup>a</sup> Soledad Filgueira Bouza**, a través do seu enderezo de correo electrónico: [MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es](mailto:MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es).

## Anuario de Psicología

Comunicámosvos que nos próximos números do Anuario de Psicología haberá un apartado de casos clínicos. Os interesados e interesadas poden facernos chegar o texto para a súa publicación en formato word a través do e-mail do Colexio, indicando que vai dirixido ao Anuario da Sección de Psicología Clínica. Os Anuarios publicados ata o momento pódense consultar no apartado de publicacións da Sección de Psicología Clínica do COPG no enlace [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40).

## Regulación da Psicología no ámbito sanitario

No Boletín Oficial do Estado do pasado mércores 5 de outubro, saíu publicada a Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, en cuxa disposición adicional sétima se recolle a regulación da psicología no ámbito sanitario. As persoas interesadas poden consultar o seu contido no enlace: [www.boe.es/dias/2011/10/05/pdfs/BOE-A-2011-15623.pdf](http://www.boe.es/dias/2011/10/05/pdfs/BOE-A-2011-15623.pdf).

*Enlace ao apartado da Sección de Psicología Clínica da web do COPG:* [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36)

## AVISO

---

### **Restro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica**

O COPG creou un restro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio, deberedes aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado restro de especialistas. Para máis información contactar coa Administración do COPG.



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

---

### Xornadas da Sección

A Sección de Psicología Educativa celebrou o pasado 28 e 29 de outubro de 2011 as Xornadas “Habilidades sociais para mellorar a convivencia” na sede do Colexio.

Iniciáronse co relatorio “Bos pensamentos, boas prácticas, bos feitos”, impartido por **José Manuel Fariñas Darriba**, Psicólogo e Técnico en prevención en drogodependencias do Carballiño (Ourense), o cal fixo unha introdución centrada na comunicación como elemento importante nas relacións interpersoais a través de diferentes dinámicas onde os/as asistentes foron os/as protagonistas. Seguidamente **José Melero Martín**, Psicólogo e Pedagogo Experto en conflictividade escolar e resolución de conflitos na Universidad de Málaga, versou o seu relatorio no adestramento do profesorado en estratexias de resolución de



Momento das Xornadas

conflitos na aula, no cal realizou una demostración do programa S.I.T. (Stress, Inoculation, Training). Este programa é a base dun adestramento mediante o cal, e baseándose no uso de dinámicas grupais, rol playing, gravacións en vídeo e análise de estratexias docentes, conséguese no/a profesor/ora participante unha reflexión acerca do seu desenvolvemento na aula.

A idea de que as habilidades sociais adquirense principalmente a través da aprendizaxe foi o tema da intervención de **Bibiana Camaño Rodal**, Psicóloga e membro da Asociación Chisem de Santiago de Compostela que resaltou a importancia da posta en marcha de programas de habilidades sociais nos centros educativos, de cara a ensinar aos rapaces e rapazas a planificar as súas condutas sociais.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicología Educativa da web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=191](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=191)*



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

---

Como xa se anunciou na Circular anterior, desde o 6 de outubro de 2011 proclamouse a nova Xunta Directiva da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG coa composición que de seguido se detalla:

M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, *Presidenta*.

David Facal Mayo, *Vicepresidente*.

M<sup>a</sup> José Fares Varela, *Secretaria*.

Leonor Galiana Caballero, *Tesoureira*.

Elena Bastos Expósito, *Vogal*.

Elena Seoane de la Fuente, *Vogal*.

Isabel González-Abraldes Iglesias, *Vogal*.

Cristina Fontañá García, *Vogal*.

Isabel M<sup>a</sup> Varela Castiñeiras, *Vogal*.



O pasado 19 de novembro a nova Xunta Directiva mantivo a súa primeira reunión. Nesta xuntanza déronse a coñecer os novos membros da mesma e trazáronse as novas liñas de actuación que se desenvolverán nesta lexislatura. O obxectivo principal para este equipo é actualizar e afondar en todos os ámbitos os temas relacionados coa actividade profesional que nos toca desenvolver. Pero tamén propuxo como obxectivos:

- Fomentar o traballo en equipo e pór en valor a actividade dos profesionais da Psicoloxía da Intervención Social.
- Dotar á Sección da flexibilidade necesaria para propiciar a integración dos socios e socias.
- Potenciar unha labor formativa axeitada ás novas demandas que se plantexen no desenvolvemento da profesión.
- Crear unha rede de apoio e de recursos para os socios e socias.
- Desenvolver unha ferramenta de traballo para o soporte e intercambio de información entre os socios e socias a través da rede maximizando as posibilidades das ferramentas web do Colexio.
- Establecer un lugar de consulta na web do COPG de profesionais expertos nas diferentes áreas que nos ocupan tanto para a formación como a intervención.
- Dar visibilidade e promoción da nosa profesión a todas as esferas da vida social, evidenciando a importancia da prevención, non só da intervención propiamente dita.
- Potenciar a interrelación non só con outras áreas da psicoloxía senón tamén con outros colectivos de profesionais que traballen no mesmo campo co propósito de sumar esforzos en beneficio da profesión e da calidade para os usuarios e usuarias da mesma.
- Prestar especial atención aos eidos do envellecemento e da atención á dependencia como estratéxicos para a Sección.

Queremos recordar que este ano 2012 é o ano do envellecemento activo e para isto recomendamos estes documentos de interese:

- Libro branco do envellecemento activo dispoñible en [IMSERO.es](http://IMSERO.es) no apartado de envellecemento activo.

- ▣ Guías de orientación na práctica profesional en aplicación do baremo de avaliación da valoración da dependencia, publicadas en IMSERSO.es no apartado de autonomía e dependencia.
- ▣ Informe do goberno para a avaliación da Lei de autonomía e atención á dependencia do 4 de novembro publicado en IMSERSO.es.

Desde a Xunta Directiva da Sección agradeceremos todas as suxestións e achegas que se consideren oportunas.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicología da Intervención Social da web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63)*



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

---

### Sesións informativas PTO

A programación de actividades da Sección correspondentes ao ano 2011 pechouse coas Sesións informativas “Psicología do traballo: Adaptándonos aos tempos”, celebradas na Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela.



Intervención de Julio González Morandeira



Intervención de Santiago Medín Díaz

O obxectivo destas sesións foi o de informar e dar a coñecer aos estudantes de 5º curso os distintos contextos laborais, as formas de xestionar os recursos humanos, definir determinados roles e responsabilidades laborais profesionais e ter unha oportunidade para reflexionar sobre acontecementos actuais no ámbito do traballo. As sesións, coordinadas por **José Luis Domínguez Rey**, Coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, e celebradas os días 15 e 22 de novembro tiveron como temas de exposición os seguintes:

- “O espazo profesional do/a psicólogo/a no ámbito da consultoría. A sociedade de información e coñecemento”, intervención a cargo de **Julio González Morandeira**, Director Xeral de Emera Consultoría e Tecnoloxía ([www.emera.es](http://www.emera.es)).
- “Xestionando recursos humanos. Achégate ás mellores empresas e cambia o teu futuro”, impartida por **Santiago Medín Díaz**, Xerente consultoría de recursos humanos de Ray Human Capital ([www.rayhumancapital.es](http://www.rayhumancapital.es)).

### **Creación do Grupo de Traballo: Saúde e benestar ocupacional**

Na última reunión da Sección celebrada o pasado 23 de novembro aprobouse a creación dun Grupo de Traballo interno cuxo obxectivo é abordar e estudar a problemática da saúde ocupacional. O proceso de configuración da estrutura e funcionamento do Grupo xa está en marcha de acordo cos obxectivos establecidos. O plan de traballo darase a coñecer no transcurso do mes de xaneiro e con el preténdese incrementar a visibilidade e proxeción pública dos profesionais de PTORH na prevención de riscos laborais e na promoción da saúde ocupacional, proporcionar asesoramento no deseño de programas de información e formación e identificar boas prácticas na xestión de persoas.

Máis información: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=609](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=609)

### **Outras informacións**

- *Europrácticum*

Para os titulados e tituladas da Universidade de Santiago de Compostela e interesados/as en integrarse nun programa de

prácticas profesionais e remuneradas en empresas e organizacións europeas. Información sobre características, bolsas e programas: [www.usc.es/gl/gobierno/csocial/europracticum/titulos/index.html](http://www.usc.es/gl/gobierno/csocial/europracticum/titulos/index.html)

▣ *Congreso iberoamericano de psicología das organizacións e do traballo*

Celebrarase os días 14, 15 e 16 de abril de 2012 en Florianópolis (Brasil). Máis información en [www.ciapot2011.com.br/espanhol/index.php](http://www.ciapot2011.com.br/espanhol/index.php) e [www.infocop.es/view\\_article.asp?id=3228](http://www.infocop.es/view_article.asp?id=3228)

▣ *A División Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH)*

A afiliación como membro ordinario da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do COPG a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace [www.cop.es/ptorh/](http://www.cop.es/ptorh/).

Máis información en [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=479](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=479).

*Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81)*



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

---

### Xornadas da Sección

O pasado 3 de decembro celebráronse na sede do COPG as Xornadas “Predicción do risco: Aspectos psicosociais”. **Xosé Antón Gómez Fraguela**, Profesor e Investigador do Departamento de Psicología Clínica e Psicobiología da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela, deu comezo a estas xornadas facendo unha exposición sobre un estudo relacionado coa predicción do risco en menores. Posteriormente, **Miguel Manuel Clemente Díaz**, Catedrático de Psicología Social da



Miguel Manuel Clemente Díaz

Universidade da Coruña, versou o seu relatorio sobre a sociedade do risco na que vivimos e sobre o estudo realizado sobre predicción do risco de violencia en ámbitos penitenciarios, en concreto da toma de decisións na concesión de permisos penitenciarios de saída. Por outra parte, **Ana Suárez Martínez**, Psicóloga do Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do Centro de Inserción Social da Coruña, centrouse en

aspectos relacionados coa predicción do risco no contexto de medidas alternativas a prisión, continuando o seu relatorio cunha presentación sobre estudos recentes sobre perfís de homes condenados por delitos de violencia de xénero. As Xornadas finalizaron coa intervención de **Beatriz Dorrio Lourido**, Directora do Departamento de Psicología Xurídica da Empresa Standent S. Coop. G., a cal falou dos distintos ámbitos onde a predicción do risco é relevante na psicología xurídica, realizando un rol-playing cos asistentes, sobre a predicción do risco de abuso sexual en menores.

### Formación interna

- Retomando a formación sobre mediación penal e mediación familiar, no ano 2012 organizarase un curso monográfico sobre mediación de 30 horas. Tratarase a mediación no ámbito xudicial penal, familiar, de menores e a resolución de conflitos relacionados con procedementos xudiciais (GOF e Puntos de Encontro). Informaremos oportunamente. Dentro da formación interna tamén temos previsto para o ano 2012 facer un curso sobre test gráficos.
- Nos meses de abril e maio está programado un curso dirixido a todos os colexiados e colexiadas sobre custodia compartida e que será impartido por **Vicente Ibáñez Valverde**, Psicólogo nos Xulgados de Familia de Madrid.
- Tamén avanzamos que este ano as Xornadas da Sección versarán sobre o tema da credibilidade da testemuña e téñense previsto celebrar no mes de xuño.

## Asemblea de Socios/as

A Asemblea de socios e socias da sección está programada para o vindeiro 3 de febreiro de 2012. Previo a Asemblea terá lugar un relatorio a cargo de **Arturo J. Mosquera Diéguez**, Avogado e Vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Avogados de Ourense, baixo o título “Cuestións éticas e disciplinares no ámbito colexial”.

Anímase aos socios e socias da Sección á asistir, xa que se van a tratar, entre outros temas, a posibilidade de modificar o Regulamento do listado de peritos e a posibilidade de levar adiante ao longo do 2012 o proceso de acreditación en psicoloxía forense. Remítiranse a todos os socios e socias previamente por correo electrónico os documentos de ambas propostas para poder debatelas e se fose o caso aprobalas.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219)*



## XURÍDICA

### D. Pedro Trepát Silva

Tfno.: 981 597 611

[Xoves de 16.30 a 20 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas

a través do fax: 981 595 240 ou da páxina

web: [www.trepataogados.com](http://www.trepataogados.com)

apartado de consultas on-line

## FISCAL

### D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

**GRUPO DE  
INTERVENCIÓN  
PSICOLÓXICA EN  
CATÁSTROFES E  
EMERXENCIAS  
(GIPCE)**

### **Curso “Intervención en suicidio. A morte ignorada”**

Os días 16 e 17 de decembro de 2011 tivo lugar na sede do Colexio o curso “Intervención en suicidio. A morte ignorada”, dirixido só aos membros do GIPCE. Foi impartido por **Carmen Tejedor Azpeitia**, Coordinadora da Sala de Hospitalización de Agudos no Hospital de Santa Creu i Sant Pau de Barcelona, e os membros do seu equipo, **Ana Mª Díaz Pérez** e **Joaquín Soler Ribaudi**.

Os obxectivos do curso foron, entre outros, facer unha aproximación ao coñecemento práctico das intervencións ante o risco de suicidio, facer unha inmersión na intervención psicolóxica ante as condutas suicidas e na intervención cos familiares, identificar e aprender a avaliar o risco de suicidio e coñecer modelos de prevención para a conduta suicida.



Momento do curso

### **Outras informacións**

▣ *Obradoiro “Trauma psíquico e transmisión interxeneracional”*

O pasado 18 de novembro celebrouse o obradoiro “Trauma psíquico e transmisión interxeneracional”, organizado polo Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Ourense e

coordinado polos membros do Servizo, **Antón Casais Lestón** e **David Simón Lorda**.

Este obradoiro estivo a cargo de **Anna Miñarro**, Psicóloga Especialista en Clínica-Psicoanalista Docente, Asesora e Supervisora Institucional en Barcelona. As persoas destinatarias eran profesionais vinculados a saúde mental e a servizos socioeducativos que estean interesados e interesadas en traballar a experiencia de perdas, trauma psíquico e transmisión interxeneracional do trauma.

Os obxectivos do obradoiro foron: Revisar coñecementos, habilidades e actitudes de cara a promover un acompañamento ás persoas que sofren un trauma psíquico transxeneracional por un proceso de perda ou morte; Explorar casos concretos da sociedade actual: Efectos psíquicos da guerra civil española, a posguerra, a dictadura e a transición nos cidadáns.

Asistiu a nosa compañeira membro da Coordinadora do GIPCE, Concepción López Martín, convidada por **Carmen García-Rodeja Arribí** da Asociación de Recuperación da Memoria Histórica de Coruña.

#### ▣ *Reunión co 061*

O 30 de novembro celebrouse unha reunión co 061 a cal, asistiron a Coordinadora e membro respectivamente do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, **Ana Isabel Martínez Arranz** e **Mª Luz Losada Somoza**. A reunión foi a petición do 061 co obxectivo de revisar o actual modelo de activación do Grupo por parte do 112 e intentar aproveitalo, de xeito que os integrantes do 061 (médicos/as e técnicos/as intervinientes nas emerxencias) saiban que situacións poden alertar ao Grupo se o consideran necesario.

*Enlace ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en catástrofes e emerxencias (GIPCE) da web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203)*

## **AVISOS E ANUNCIOS**

---

Este é un espazo gratuíto reservado para que os/as colexiados/as poidan insertar anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: "Alúgase despacho de psicología a tempo parcial ou completo de 20 m<sup>2</sup> na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000".



## Custodia dos históricos clínicos na práctica privada

Na Comisión de Ética e Deontoloxía xurdiu a necesidade de dar resposta a unha cuestión que conleva responsabilidades importantes na nosa práctica profesional; a pregunta plantexada é **a quen corresponde a custodia, no exercicio da psicoloxía privada, dos expedientes clínicos no momento en que falece o responsable da custodia e protección de datos de ditos expedientes?**

Segundo a nosa información, ao falecer o titular da responsabilidade da custodia das historias clínicas (na práctica privada), estas pasan aos seus herdeiros e herdeiras, o que poderían supoñer un problema respecto á confidencialidade. No ámbito público esta custodia está totalmente procedimentada.

Baixo esta premisa e consultadas diversas fontes, podemos referenciar o seguintes artigos e leis para reflexionar sobre este tema:

Así como o Código Deontolóxico do Psicólogo recolle no seu artigo N° 49 “O falecemento do/a cliente, ou a súa desaparición –no caso de institucións públicas ou privadas– non libera ao/á psicólogo/a da obriga do segredo profesional”, non atopamos ningunha mención sobre as obrigas no caso do falecemento do/a psicólogo/a responsable da custodia do historial clínico.

O artigo 17.5 da Lei de Autonomía do Paciente (LAP) establece que aos/ás profesionais sanitarios que desenvolvan a súa actividade de maneira individual son responsables da xestión e custodia da documentación asistencial que xeran.

Aínda que a LAP só se aplica aos/ás profesionais sanitarios, entendemos que a boa práctica psicolóxica esixe, desde un punto de vista formal, a aplicación analóxica da normativa referente ao historial clínico aos/ás psicólogos/as non sanitarios, como medida garantista de praxis e profesionalidade do servizo.

A Lei de Protección de Datos de carácter persoal (LOPD) establece que todo profesional que para o exercicio da súa actividade precise recadar e/ou conservar datos persoais, debe rexistrar os seus ficheiros no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos, e garantir as medidas organizativas de seguridade necesarias de acordo co nivel de seguridade aplicado, segundo os datos que manexe na súa profesión.



Segundo o disposto no artigo 661 do Código Civil, no caso de cesación no exercicio da profesión subsistirá un deber de conservación que estenderase aos prazos legalmente previstos, subsistindo igualmente ese deber, en beneficio da atención do/a paciente, en caso de falecemento do facultativo, **subrogándose os/as herdeiros/as** nas obrigas de conservación.

Podemos asegurar que a normativa si asenta, no tema que nos ocupa, estas consideracións:

- ❑ Existe un deber de conservación e custodia por parte dos psicólogos e psicólogas do historial clínico dos seus pacientes (LAP).
- ❑ Este deber subsiste en caso de xubilación ou cese da actividade (LAP e LOPD).
- ❑ Este deber é subrogado aos seus herdeiros e herdeiras no caso de falecemento (Art. 661 de Código Civil).

Queremos rematar esta reflexión sinalado que, no caso de que o herdeiro ou herdeira non sexa psicólogo/a e polo rango que o historial clínico ten como **ficheiro de datos de carácter persoal especialmente sensibles**, por recollerse a tratarse nel datos referentes á saúde do paciente, os devanditos herdeiros e herdeiras non poderán:

- ❑ Ler ou abrir os historiais clínicos herdados.
- ❑ Incluso, non poderían saber nin sequera o nome, apelidos e número de teléfonos dos pacientes do psicólogo ou psicóloga falecido por tanto a LAP como a LOPD salvagardan estes datos.

A obriga na confidencialidade non permitiría darlle ningunha saída ao historial clínico herdado.

## CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

### Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

A información que aparece neste apartado ten que ser remitida ao COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

### CONFERENCIA “CUESTIÓN S ÉTICAS E DISCIPLINARIAS NO ÁMBITO COLEXIAL”

*Data:* 3 de febreiro de 2012

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Relator:* Arturo J. Mosquera Diéguez

*Organiza e informa:* Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: [copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)

Web: [www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

[www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1)

### CURSO “MARCO DE INTERVENCIÓN CON NENOS/AS E AS SÚAS FAMILIAS”

*Datas:* 16 e 17 de marzo de 2012

*Lugar:* Lugo


*Docentes:* Mariano Carrero Moure e José Luis Rodríguez-Arias Palomo

*Organiza e informa:* Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: [copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)

Web: [www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)



Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
copgalicia@cop.es  
www.copgalicia.es

#### HORARIO

De luns a xoves de 9 a 14 horas  
e de 16 a 21 horas, e os venres  
de 9 a 14 horas

#### Membro da EFPA

Federación Europea de Asociaciones  
Profesionales de Psicólogos